



Informe técnico sobre a proposición presentada no sobre C (Documentación relativa aos criterios avaliables de forma automática por aplicación de fórmulas) pola empresa concorrente á contratación administrativa do servizo para a xestión da producción audiovisual do Parlamento de Galicia mediante procedemento aberto.

Unha vez rematado o prazo para a presentación de proposicións para a contratación do servizo para a xestión da producción audiovisual do Parlamento de Galicia, únicamente presentou oferta a empresa Spica, S.L.

Analizada a documentación relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de criterios avaliables de forma automática, presentada pola empresa única concorrente, compe a súa avaliación. Segundo o punto 16 do cadro de especificacións do PCAP, os criterios cuxa cuantificación depende de fórmulas son:

Criterios avaliables de forma automática por aplicación de fórmulas: ata 56 puntos.

a.– Prezo: de 0 a 40 puntos. Ponderaranse as ofertas de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación } i = 40 \times \frac{\text{orzamento licitación} - \text{oferta } i}{\text{orzamento licitación} - \text{oferta más baixa}}$$

b.– Melloras dos SLA (acordos de nivel de servizo). **Ata 16 puntos** (de acordo cos códigos de prioridade do apartado **5.2.1 Parámetros dos SLA** do PPT)

- Digital Congress Network: **4 puntos** para o licitador que oferte un tempo de resolución equivalente a un código de prioridade 1.
- Elaboración de contido multimedia: **3 puntos** para o licitador que oferte un tempo de resolución equivalente a un código de prioridade 1.
- Edición de vídeo: **3 puntos** para o licitador que oferte un tempo de resolución equivalente a un código de prioridade 3.
- Salvagarda do arquivo: **3 puntos** para o licitador que oferte un tempo de resolución equivalente a un código de prioridade 4.
- Catalogación do arquivo: **3 puntos** para o licitador que oferte un tempo de resolución equivalente a un código de prioridade 5.

A continuación procedemos a valorar a oferta presentada pola empresa Spica no seu sobre C.

- a) Dado que é o único licitador que se presenta, recibe **40 puntos** no prezo.
- b) Melloras dos SLA (acordos de nivel de servizo). **Ata 16 puntos** (de acuerdo cos códigos de prioridade do apartado **5.2.1 Parámetros dos SLA** do PPT)
 - Digital Congress Network: **4 puntos** para o licitador que oferte un tempo de resolución equivalente a un código de prioridade 1.
 - Spica presenta un código de prioridade 1, polo que recibe **4 puntos** neste apartado.
 - Elaboración de contido multimedia: 3 puntos para o licitador que oferte un tempo de resolución equivalente a un código de prioridade 1.



- Spica presenta un código de prioridade 1, polo que recibe **3 puntos** neste apartado.
- Edición de vídeo: 3 puntos para o licitador que oferte un tempo de resolución equivalente a un código de prioridade 3.
 - Spica presenta un código de prioridade 2, polo que recibe **3 puntos** neste apartado.
- Salvagarda do arquivo: 3 puntos para o licitador que oferte un tempo de resolución equivalente a un código de prioridade 4.
 - Spica presenta un código de prioridade 4, polo que recibe **3 puntos** neste apartado.
- Catalogación do arquivo: 3 puntos para o licitador que oferte un tempo de resolución equivalente a un código de prioridade 5.
 - Spica presenta un código de prioridade 4, polo que recibe **3 puntos** neste apartado.

A maiores a empresa Spica presenta como mellora 100 horas de formación para o persoal do Parlamento de Galicia.

Por todo o anteriormente exposto, Spica SL recibe nos **criterios disponibles de forma automática** por aplicación de fórmulas os **56 puntos**.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2014

Xefe do Servizo de Tecnoloxías da Información

Pedro Vila López

Dirección de RRHH e Réxime Interior